



245

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA E PRORROGA A ENCOMENDA Á SOCIEDADE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA- XESTUR S.A. PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE DIFUSIÓN DAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI) E DE INFORMACIÓN E APOIO TÉCNICO NA TRAMITACIÓN DOS PROGRAMAS DE AXUDAS XESTIONADOS POLO IGVS, NO ÁMBITO DA ARI DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.
EXPEDIENTE: EX01-18

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 15 de novembro de 2017 o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) resolveu encomendar á sociedade Xestión do Solo de Galicia- Xestur S.A. (en diante, Xestur, S.A.) a realización dos traballos de difusión das Áreas de Rehabilitación Integral (en diante, ARI) e de información e apoio técnico na tramitación dos programas de axudas xestionados polo IGVS no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, dada a insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o citado organismo para cubrir as necesidades que se tratan de satisfacer, cun prazo de duración ata o 31 de decembro de 2018.

Segundo o disposto na consideración legal oitava da citada resolución de 15 de novembro de 2017, a encomenda pode ser prorrogada antes da súa finalización, por un período de un ano.

No BOE nº 61, do 10 de marzo de 2018, publicouse no o Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021. Na súa Disposición transitoria primeira se establece que “*o prazo de execución das actuacións dos programas de fomento da rexeneración e renovación urbanas, que se executen ao amparo dun Acordo de Comisión Bilateral de Seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio de Fomento e cada Comunidade Autónoma para a execución, incluída a súa prorroga, do Plan Estatal 2013-2016, será ampliable ata o 31 de decembro de 2019. Nestas actuacións as Comunidades Autónomas poderán resolver a concesión de axudas ata o 1 de outubro de 2019*”.

Así mesmo, no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 se regulan, ademais do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, novos programas de rehabilitación, como o de fomento de mellora da eficacia enerxética e da sustentación en vivendas e o de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivenda.

A aprobación deste novo Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e a súa vixencia durante as anualidades 2018, 2019, 2020 e 2021, xustifica a necesidade de modificar a consideración legal e técnica oitava da citada resolución de 15 de novembro de 2017, para estender os efectos da súa prorroga non so á anualidade 2019, senón tamén a anualidade de 2020, anos centrais da vixencia deste plan, nos que se considera máis necesario incidir nas actuacións de difusión dos distintos programas e medidas de fomento da rexeneración e renovación urbanas, así como dos programas de rehabilitación anteditos.

Segundo.- Por outra banda, no *Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*, aprobado o 12 de febreiro de 2015 polo Consello da Xunta, consta un segundo Eixo de actuación, denominado “*Rehabilitación de vivendas e renovación urbana*”, que inclúe catro programas destinados a rehabilitación illada, a rehabilitación directa polo IGVS, as ARIs e outras actuacións de rehabilitación, que se desenvolven a través dun amplo conxunto de medidas, dado o seu papel fundamental na recuperación dos núcleos históricos das vilas e das cidades e a preservación do seu valor patrimonial e arquitectónico, así como na mellora da eficiencia enerxética, sustentabilidade e condicións de habitabilidade das vivendas.

Ademais das axudas destinadas a financiar a rehabilitación en edificios e vivendas situadas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, destacan outros programas de rehabilitación, tales como:

gálicia





-Os destinados a particulares e comunidades de propietarios: préstamos subvencionados destinados á rehabilitación de edificios e vivendas, axudas ao fomento de mellora da eficacia enerxética e da sustentación en vivendas, axuda ao fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas; axudas a instalación de novos ascensores para mellorar a accesibilidade aos edificios de vivendas; axudas a propietarios para rehabilitación de vivendas e a concellos para urbanización de espazos urbanos e oficinas de rehabilitación, todos eles situados dentro dunha ARI; as axudas para a rehabilitación e núcleos rurais e en conxuntos históricos e o Programa Realuga con axudas dirixidas aos propietarios que realicen melloras en inmobles para incorporalas ao Programa de Vivendas Baleiras; e as axudas para rehabilitar infravivendas rurais.

-Os destinados aos Concellos: Fondo de cooperación para a rehabilitación mediante préstamos sen xuros destinados a Concellos de menos de 50.000 habitantes e as axudas para a rehabilitación das antigas vivendas de mestres, doutros edificios e vivendas de titularidade municipal; as axudas a concellos de menos de 10.000 habitantes, dirixidas á rehabilitación de vivendas sen condicións mínimas de habitabilidade; así como as axudas por cada vivenda rehabilitada nas Áreas de Rehabilitación.

A extensión e complexidade da totalidade das medidas expostas fai necesario por parte do IGVS incrementar e mellorar as actuacións de difusión das mesmas durante a anualidade 2018 e extendelas á totalidade da vixencia da encomenda, en orde a garantir a maior eficacia posible na consecución dos fins das actividades rehabilitadoras así como a maior eficiencia na xestión dos recursos públicos destinados ás mesmas.

A encomenda, unha vez modificada para incluir as actuacións anteriores, incluirá os seguintes ámbitos de actuación:

1. Difusión da figura da ARI. Este ámbito comprenderá as seguintes actuacións:

- Realizar traballos de difusión desta figura e da súa relevancia nas políticas de rehabilitación dos edificios e da urbanización e reurbanización dos espazos públicos, podendo realizar as xestións de difusión nos medios de comunicación que considere convenientes baixo as directrices e a supervisión do IGVS, segundo o plan de medios vixente, así como o manteremo e a actualización da páxina web dedicada integralmente ás ARI en Galicia.
- Informar aos concellos, en coordinación e baixo as directrices do IGVS, das ventaxas desta figura, dos trámites necesarios para a súa declaración e das condicións para acceder ao financiamento das axudas para as ARI xestionadas polo IGVS.

2. Programas de axudas xestionados polo IGVS no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago. Este ámbito comprenderá as seguintes actuacións:

- Prestar asistencia e asesoramento nos puntos de atención deste ARI nas que se difunda este programa, así como na xestión das axudas que se convoquen polo IGVS.
- Emitir os informes que lle sexan solicitados polo IGVS, respecto á inclusión das vivendas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago.
- Realizar as funcións de apoio ás oficinas técnicas do IGVS que lle sexan encargadas polo organismo.
- Realizar funcións de coordinación cos servizos municipais, poñendo especial incidencia na difusión da ARI, a fin de que se dea o maior coñecemento da súa existencia entre os concellos dos Camiños de Santiago.
- Actuar como portelo de información e xestión sobre as axudas de ARI e doutras actuacións en materia de rehabilitación.





- Organizar charlas divulgativas para os potenciais beneficiarios, xornadas técnicas para o persoal dos concellos afectados, exposicións itinerantes, con exemplos do resultado das actuacións de rehabilitación e incluso con información sobre os investimentos necesarios para conseguir un resultado adecuado, co obxecto de demostrar que con poucas contías se poden obter melloras importantes.

3.- Difusión das políticas e programas de rehabilitación dos edificios e vivendas e da urbanización e reurbanización dos espazos públicos desenvolvidas polo IGVS:

- Realizar traballos de difusión das políticas e programas de rehabilitación dos edificios e das vivendas, así como da urbanización e reurbanización dos espazos públicos, podendo realizar as xestións de difusión nos medios de comunicación que considere convenientes, baixo as directrices e a supervisión do IGVS segundo o plan de medios vixente; o mantemento, a actualización e a mellora da páxina web existente dedicada ás ARI en Galicia para incluír os contidos necesarios para realizar a adecuada difusión de todos os programas de axudas xestionados polo IGVS en materia de rehabilitación.

- Informar, en coordinación e baixo as directrices do IGVS, aos concellos da importancia da rehabilitación e renovación urbanas, así como da natureza e das condicións para acceder ao financiamento previsto nos programas de axudas destinadas a estas finalidades xestionados polo IGVS.

- Organizar charlas divulgativas para os potenciais beneficiarios, xornadas técnicas para o persoal dos concellos afectados, exposicións itinerantes con exemplos do resultado das actuacións de rehabilitación e renovación urbana e incluso con información sobre os investimentos necesarios para conseguir un resultado adecuado, co obxecto de demostrar que con poucas contías se poden obter melloras importantes.

CONSIDERACIÓNNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O IGVS é un organismo autónomo, adscrito a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, encargado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia da realización das políticas de solo. O citado organismo non dispón de medios suficientes para realizar as actividades de difusión de todos os programas de axudas xestionados por este organismo en materia de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas. Por esta razón considerase oportuno utilizar o marco xa existente da encomenda de xestión realizada a Xestur para realizar traballos de difusión das ARI e de información e apoio técnico na tramitación dos programas de axudas xestionados polo IGVS no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, ampliando o seu obxecto, de acordo co disposto nos artigos 7, 8 e 13 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, dado que dita sociedade dispón da estrutura e servizos técnicos suficientes para responsabilizarse da organización e xestión dos traballos encomendados.

Segunda.- A sociedade Xestur S.A. está adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e tutelada polo IGVS, que ten a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 1 dos estatutos sociais de Xestur S.A. establece, no seu apartado 3º) que a sociedade terá a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de medios propios. O encargo instrumentarase a través da correspondente encomenda de xestión, nos termos establecidos no artigo 50 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Terceira.- O artigo 13.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, dispón que as encomendas de xestión en virtude das cales se lle encargue a unha entidade, que conforme o sinalado na Lei 16/2010, do 17 de decembro, teña o carácter de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, a





realización dunha determinada prestación a cambio dunha tarifa suxeitaranse ao establecido nos artigos 47 e seguintes da indicada lei.

Estas encomendas, cando teñan un importe que se encontre dentro dos límites establecidos na lexislación de contratos do sector público para os contratos menores, non precisarán de formalización por escrito, sen prexuízo da constancia no expediente de encomenda, se é o caso, da autorización ou do traslado previsto no artigo 48 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Cuarta.- O artigo 48 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, regula o control dos medios propios e servizos técnicos, establecendo que a consellería ou departamento ao que estea adscrita a entidade, ou que teña atribuída a súa tutela funcional, poderá emitir instrucións sobre a forma de realización dos encargos, supervisará a súa realización e determinará as prioridades de actuación do medio propio na súa realización, para o cal deberá dárselle traslado das encomendas efectuadas. En particular, cando as encomendas sexan efectuadas por outros medios propios da Administración da Comunidade Autónoma que non estean baixo a tutela funcional da consellería ou departamento ou adscritos a estes, deberá autorizalas previamente.

Quinta.- A modificación da encomenda de xestión obxecto desta resolución non suporá cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio e será responsabilidade do IGVS emitir cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte á concreta actividade material obxecto da encomenda, así como emitir as directrices que estime oportunas para a realización dos traballos.

Sexta.- O artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece que están excluídos do ámbito da lei as encomendas de xestión reguladas na lexislación vixente en materia de réxime xurídico do sector público.

Sétima.- A modificación da encomenda terá carácter gratuito; non obstante, o IGVS pagará a Xestur, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.227.99 dos seus orzamentos para o ano 2018, os gastos que lle ocasiona a súa execución e que se estiman en 36.865,00€, segundo a seguinte distribución:

Traballo	Importe
Mantenemento, mellora e actualización de Web dedicada ás ARI para incluir outros programas de rehabilitación	6.865,00 €
Xornadas, exposicións, charlas informativas e publicidade, incluíndo todos os medios auxiliares necesarios para a realización de actividades de difusión de políticas e programas de rehabilitación e renovación urbanas	30.000,00€
Total	36.865,00 €

Oitava.- A prórroga da encomenda terá carácter gratuito; non obstante, o IGVS pagará a Xestur, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.227.99 dos seus orzamentos para os anos 2019 e 2020, os gastos que lle ocasiona a súa execución e que se estiman en 343.730,00€, segundo a seguinte distribución





Traballos	Anualidades		
	2019	2020	total
Mantenemento, mellora e actualización de Web	6.865,00 €	6.865,00 €	13.730,00€
Xornadas, exposicións, charlas informativas e publicidade, incluíndo todos os medios auxiliares necesarios para a realización destas actividades	30.000,00€	30.000,00€	60.000,00€
Asesoramento e Coordinación das actuacións de difusión	65.000,00 €	65.000,00 €	130.000,00€
Apoio Técnico na tramitación dos programas de axudas e coordinación dos servizos técnicos municipais	65.000,00 €	65.000,00 €	130.000,00€
Outros gastos de Información (telefonía, desprazamentos, dietas, etc)	5.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00€
Total	171.865,00 €	171.865,00 €	343.730,00€

O IGVS efectuará os citados pagamentos, previa remisión da documentación xustificativa do gasto realizado, acompañando a correspondente factura.

En base ao que antecede, vista a Memoria xustificativa da Secretaria Xeral do IGVS, de 19 de xullo de 2018, o Informe do Asesor Xurídico do IGVS, de 19 de xullo de 2018, o Informe da Subdirección Xeral de Control Financiero Permanente e Auditoría do Sector Público da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de 27 de xullo de 2018, e en virtude das competencias conferidas polo artigo 12.2 k) do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS,

RESOLVO

1) Modificar a encomenda realizada a Xestur para a realización dos traballos de difusión das ARI e de información e apoio técnico na tramitación dos programas de axudas xestionados polo IGVS no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, coa finalidade de incluir a difusión de todos os programas de axudas xestionados polo IGVS en materia de rehabilitación e renovación urbana, dada a insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o IGVS para cubrir as necesidades que se tratan de satisfacer.

A modificación da encomenda terá carácter gratuito; non obstante, o IGVS pagará a Xestur, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.227.99 dos seus orzamentos para o ano 2018, os gastos que lle ocasione a súa execución e que se estiman en 36.865,00 €.

2) Modificar a Consideración legal e técnica oitava da resolución de 15 de novembro de 2017 co seguinte tenor: *Oitavo.- A presente encomenda terá como prazo de duración ata o 31 de decembro de 2018, podendo proceder á súa prórraga antes da súa finalización, por un período de dous anos, 2019 e 2020, unha vez aprobado o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021. Así mesmo, cando por razóns de oportunidade debidamente acreditadas no expediente así o aconsellen, poderá procederse á finalización anticipada da encomenda.*

3) Prorrogar durante os anos 2019 e 2020 a encomenda realizada a Xestur pola resolución de 15 de novembro de 2017, dada a insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o IGVS para cubrir as necesidades que se tratan de satisfacer.

A prórraga da encomenda terá carácter gratuito; non obstante, o IGVS pagará a Xestur, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.227.99 dos seus orzamentos para os anos 2019 e 2020 os gastos que lle ocasione a súa execución e que se estiman en 343.730,00€, conforme á distribución descrita na consideración legal e técnica oitava.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E
VIVENDA



Avenida da Mariña, s/n - 15701 Santiago de Compostela
Teléfono: 901 54 19 00 - Fax: 901 54 19 01

Documento asinado electronicamente
O director xeral do IGVS

Asinado por: GARCIA PORTO, HERIBERTO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 27/07/2018 14:42:31

CVE: 09F30R10TB
Verificaci髇: <https://sede.xunta.gal/cve>



galicia